

LIBRO- FÓRUM : LÚA DE SENEGAL

AUTOR: Agustín Fernández PazMÚSICA: Ismael Lô: “Jammu África”

NECESIDADE DE DEFINIR ALGÚNS CONCEPTOS:

- **Multiculturalismo**: a convivencia nun mesmo espazo social de persoas identificadas con culturas variadas. Respecto ás identidades culturais, cara a convivencia, a coexistencia de distintas culturas.
- **Interculturalidade** serían as relacións que se dan entre as mesmas.
 - O multiculturalismo marcaría a situación dunha sociedade plural e a interculturalidade sería a dinámica que se dá entre estas comunidades culturais.

DIFICULTADES DA COMUNICACIÓN

INTERCULTURAL:

- Na **comunicación intercultural** pode parecer que o interlocutor fai uso do discurso sobrepasando os límites das interpretacións lexítimas dentro da nosa cultura. Pero o problema é que se fai dende outros criterios. As interpretacións **non son universais**, senón que varían dunha cultura a outra e tamén cambian, ó longo do tempo. Dependen das vivencias e do coñecemento.

Necesario **un mínimo de coñecemento e unha lingua común, e un certo interese.**

NECESIDADE DA COMUNICACIÓN INTERCULTURAL:

A pesar das dificultades cada día é máis importante conseguir unha comunicación intercultural eficaz porque:

- 1. **Nada é inmutable.** Cando se inicia un diálogo un debe estar aberto ó cambio.
- 2. Non hai posicións universis. **Todo está suxeito a crítica.**

- 3. Hai que aprender a **aceptar o conflito**.
- 4. Na historia que nos ensinaron, as nosas identidades fixéronse en **oposición** ás de outros. (indios-vaqueiros, cristiáns-mouros..)

Coñecendo o país: Senegal



Mapa de Senegal


- Sitúase no Nordeste do continente africano.
- De N. a S. Limita con Mauritania, Mali, Guinea e Guinea Bissau. Gambia é un pequeno país no Sur de Sénegal. Ó Oeste o O . Atlántico

No libro , a viaxe é dende o Sur na rexión de Casamance, en barco ata Dakar, despois en avión ata Madrid (alí teñen a 1ª mala experiencia cos “tubab”) e, en tren ata Vigo.

A CAPITAL: DAKAR

- A súa** posición no extremo oeste de África resulta ventaxosa para o tráfico marítimo con América e Europa, polo que ten o maior porto marítimo da rexión. Según o [censo de 2005](#) contaba na [área metropolitana](#) cunha poboación de 2.450.000 habitantes.
- A cidade formouse arredor do forte [francés](#), substituindo á cidade de [Saint Louis](#) como capital das colonias francesas de [África Occidental](#) en [1902](#)
- Entre os séculos [XVI](#) e [XIX](#), Dakar foi o maior centro para o tráfico de [esclavos](#) cara [América](#). O goberno senegalés restaurou e transformou en museo o forte de Estrées na [illa de Gorée](#), onde os escravos eran reunidos para ser subastados e enviados en barco. (1ª escravitude)

Dakar



Illa de Gorée



•O BAOBAB : árbore sagrada .



Importancia das reunións baixo a árbore que dá sombra . É a ÁRBORE DAS PALABRAS baixo a que a avoa Feriane, alá en Ziguinchor lles contaba as historias que, oídas ou inventadas, lles transmitía oralmente ás nenas, pero sobre todo a Khoedi. Era unha CONTADORA DE HISTORIAS como despois o foi a nena.

Destacar a preparación para cando chegara o Apañador de almas
Outros elementos da natureza que se citan: as ceibas verdes, os flamboians, os arrozais, as terras marróns, laranxas..
A luz, o sol que brilla, o chiar dos paxaros, a brisa cálida...

A pesca

Caiucos



- A pesca de baixura abastece o mercado local.
- A pesca de altura está en mans da U. E., dado que as infraestructuras senegalesas están moi desfasadas.

Na obra, quizais o parte máis triste é cando o pai conta a terrible viaxe, primeiro atravesando Mauritania, Malí, Alxeria ata chegar a Marrocos e desde alí en “patera” ata as costas españolas.

O turismo: gran fonte de ingresos

•Os 6 parques e 30 reservas naturais teñen un papel importante na preservación do medio ambiente e no desenvolvemento turístico. Nestes espazos protexidos téñense identificado un total de 169 especies de mamíferos e 540 de aves.

(De feito o pai de Khoedi está preparado, sabe idiomas e traballaba nun hotel, pero quere vivir máis de 45 anos... non ve o futuro para a súa familia, haberá que ir á **TERRA DAS AUSENCIAS** e ter “o corpo en Vigo e o corazón en Senegal “) → pero o **UNICO PAÍS QUE IMPORTA É O QUE CONSTRUIMOS COAS PERSOAS QUE QUEREMOS**

A ENSINANZA

- Lingua oficial: o **francés**
- Lingua vernácula máis falada: o **wolof**
- O **español** pódese estudar en Secundaria como 2ª lingua estranxeira

Apellidos: (Sa Sonte)	Nombre: (Sa ture)
Fecha de nacimiento: (Bon ate ngadidudu)	País: (Sa denk)
Domicilio actual: (Fan nga deuh)	

En Senegal fálanse **18 linguas**. Na obra é de sinalar a **importancia que se dá a aprendizaxe das linguas**. De feito todos/as falan wolof e francés e case español. A aprendizaxe de español e galego a un tempo sérvelle a Khoedi para integrarse na escola e “contar unha historia” xa o primeiro día. Todo isto a pesares dos medos que lle infundiran as amigas.

Tamén comproba que **coinciden os xogos**: raiola, corda...

O mesmo que **Senghor en Senegal** , coñece unha poeta de Galicia:

Rosalía de Castro, da época da emigración galega a Castela ou América.


A RELIXIÓN

- A maioría da poboación é de crenzas **musulmanas**.
- Existe unha ampla poboación **cristiá** ó Sur do país na rexión de Casamance.
- Moitos senegaleses teñen crenzas **animistas**.

Na obra non se citan as crenzas desta familia, samente se nomean , nas historias diversos deuses.

Outros conceptos destacables :

- O CUARTO DE ACOLLER
- AS LIÑAS DO MAPA DE AFRICA FEITAS POR EUROPEOS
- A SEGUNDA ESCRAVITUDE
- A COR MARRÓN- A MELLOR; A COR BRANCA, ESFAMEADA
- O SOL NON TEN BRILLO
- NADA A FARÍA ABANDONAR ZIGUINCHOR, A VIDA ERA AGRADABLE A PESARES DE MESMA ROUPA, BONECA, COMIDA.
- FAISE A MALETA PERO HAI COUSAS QUE QUEDAN.



- Outra obra a ler : **CONTRA EL VIENTO** de ANGELES CASO
- UNHA PELÍCULA A BUSCAR EN YOUTOUBE : **BINTA Y LA GRAN IDEA**
- A BUSCAR EN GOOGLE: **EN EL MUNDO, A CADA RATO.**